




Produto interior bruto

O PIB galego incrementouse no último trimestre de 2019 en 0,5 décimas, unha décima por riba do PIB trimestral en España o que o leva a un incremento interanual do 1,8%, idéntico valor ao rexistrado a nivel estatal no trimestre. Con estes valores, o PIB galego para 2019 fica no 1,8%, dúas décimas por debaixo do valor estatal do 2,0%.

O avance da previsión do PIB estatal para o primeiro trimestre de 2020 calcula unha moi forte diminución tanto seu valor intertrimestral como interanual (-5,2% e -4,1%, respectivamente). Este dato adiantado é o primeiro no que se rexistra o impacto na economía do virus SARS-CoV 2.

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2014-2019

	% (T/T-4)	2014	2015	2016	2017	2018	2019	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19
Galicia		1,2	2,8	3,3	2,3	2,2	1,8	1,9	2,7	2,7	3,7	3,7	3,7	3,4	2,8	2,4	2,2	2,2	2,2	2,3	2,3	2,0	2,1	1,9	1,7	1,7	1,8
España		1,4	3,8	3,0	2,9	2,4	2,0	2,9	3,4	3,6	3,8	3,8	3,5	3,2	2,3	2,9	3,1	2,9	3,1	2,8	2,3	2,2	2,1	2,2	2,0	1,9	1,8

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación á Seguridade Social

(Nota: A chegada da pandemia de Covid-19 e a conseguinte declaración do Estado de Alarma, unida á masiva solicitude de expedientes de regulación temporal de emprego derivada daquela, complica moito facer un análise polo miúdo das tendencias, análise que vai requirir máis tempo e datos).

No primeiro trimestre de 2020 a Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicte para Galicia unha diminución total da poboación activa de -2.000 persoas respecto do trimestre anterior (o -0,2%, descenso menor ao rexistrado no conxunto do Estado, que foi do -0,7%. No intervalo interanual, en Galicia rexistrouse un incremento da poboación activa de 5.600 persoas (0,5%) mentres que en España, a poboación activa incrementouse nos últimos 12 meses en máis de 155.000 persoas, o que supuxo un incremento do 0,7%.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 1º Trimestre 2020

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.239,8	-2,0	-0,2	5,6	0,5
España	22.994,2	-164,6	-0,7	168,9	0,7

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

Pola súa banda, o número de persoas ocupadas reduciuse en Galicia en -13.000, o que supón unha redución do -1,2%, menos intensa neste caso que a rexistrada en España, onde a redución da ocupación respecto ao cuarto trimestre de 2019 foi dun -1,4%. En termos interanuais, a evolución segue a ser positiva, cun incremento do 0,2% e 2.800 persoas ocupadas máis, sendo o dato correspondente para o conxunto do Estado un incremento total de 210.100 persoas ocupadas, o 1,1% máis. A taxa de ocupación acadou en Galicia o 46,3% no primeiro trimestre, valor inferior en 3,5 puntos porcentuais á taxa de ocupación rexistrada en España no período de referencia, que foi do 49,8%. Para rematar coa análise da EPA do 1º trimestre de 2018, o número de persoas en paro en Galicia fíxase en 156.800, un incremento respecto do trimestre anterior do 5,8% (11.000 persoas paradas máis) e a taxa de paro rexistrada para Galicia fica no 12,6%, mentres que a rexistrada en España foi de 14,4%, logo de que o paro aumente en 121.000 persoas no trimestre, para un total de 3.313.000 persoas.

O Boletín Mensual do Paro Rexistrado amosa que en Galicia o primeiro trimestre de 2020 remata cun incremento no número de persoas en paro respecto do trimestre anterior do 5,6%, sen que a redución producida en febreiro puidese compensar o incremento do paro rexistrado en xaneiro e marzo, sendo este último contrario ao observado na serie histórica, por tratarse dun mes no que habitualmente se crea emprego, tendencia rota pola chegada da pandemia de Covid19 e a declaración do Estado de Alarma en toda España o pasado 14 de marzo. En termos interanuais, o trimestre móvese en reducións do paro rexistrado entre o -4% e o -5% nos dous primeiros meses do ano e pasa a incremento neto do paro rexistrado do 2,1% en marzo.

Nos meses de xaneiro e febreiro, o paro afectou máis ás mulleres que aos homes (maior caída en xaneiro e menor redución en febreiro entre as mulleres) pero esa tendencia ráchase no mes de marzo, como se pode observar nos datos interanuais.

En taxa interanual e por sector de actividade, o efecto da pandemia non chega coa mesma velocidade e intensidade a todos os sectores. O sector primario e o grupo de persoas sen emprego anterior aínda amosan ao remate do primeiro trimestre de 2020 valores negativos en termos interanuais. Porén, a industria pasa dunha redución do paro rexistrado en febreiro por riba do -6% ao

equilibrio interanual en marzo. O sector servizos e a construción presentan comportamentos aínda peores en termos interanuais, con variacións entre febreiro e marzo no paro rexistrado do 7% e do 9,5%, respectivamente.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 1º Trimestre 2020

1T2020	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
TOTAL	167.755	166.229	174.481	2.447	-1.526	8.252	1,5%	-0,9%	5,0%	-7.045	-7.480	3.640	-4,0%	-4,3%	2,1%
Homes	72.387	71.438	75.507	721	-949	4.069	1,0%	-1,3%	5,7%	-2.799	-3.015	3.209	-3,7%	-4,0%	4,4%
Mulleres	95.368	94.791	98.974	1.726	-577	4.183	1,8%	-0,6%	4,4%	-4.246	-4.465	431	-4,3%	-4,5%	0,4%
<30 anos	21.530	21.280	23.332	740	-250	2.052	3,6%	-1,2%	9,6%	-930	-1.578	858	-4,1%	-6,9%	3,8%
entre 30 e 44 anos	54.545	53.729	57.665	989	-816	3.926	1,9%	-1,5%	7,3%	-5.044	-5.077	372	-8,5%	-8,8%	0,6%
>44 anos	91.680	91.220	93.494	718	-460	2.274	0,8%	-0,5%	2,5%	-1.071	-825	2.410	-1,2%	-0,9%	2,6%
Agricultura e Pesca	6.161	6.029	5.960	-131	-132	-79	-2,1%	-2,1%	-1,3%	-498	-449	-220	-7,5%	-6,9%	-3,6%
Industria	18.363	18.287	19.045	-216	-66	748	-1,2%	-0,4%	4,1%	-1.343	-1.195	21	-6,8%	-6,1%	0,1%
Construción	13.846	13.616	14.443	-239	-230	827	-1,7%	-1,7%	6,1%	-1.114	-905	456	-7,5%	-6,2%	3,3%
Servizos	116.181	114.984	121.606	3.202	-1.197	6.622	2,8%	-1,0%	5,8%	-3.305	-3.958	4.413	-2,8%	-3,3%	3,8%
Sen emprego anterior	13.204	13.303	13.437	-169	99	134	-1,3%	0,7%	1,0%	-785	-973	-1.030	-5,6%	-6,8%	-7,1%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

O Boletín Mensual de Contratación para os tres primeiros meses do ano indica que no primeiro trimestre asináronse 214.205 contratos novos en Galicia, que supoñen un descenso do -17,8% respecto ao 4º trimestre do 2019, e do -5,5% respecto do número de novos contratos no 1º trimestre do ano pasado. Por sectores de actividade, o sector servizos foi o que tivo peor comportamento, cun descenso na contratación que superou o -23%, seguido do sector agrícola / pesqueiro, no que o descenso foi menor, dun -4,3%. Nos sectores da construción e da industria a contratación incrementouse neste trimestre, no caso da construción fíxoo por riba do 12%. O sector primario amosou o mellor comportamento en termos interanuais, xa que rexistrou un crecemento do 10,6% respecto do 1º trimestre de 2019, seguido da construción cun incremento do 8,6% na contratación. De novo, o peor dato foi o do sector servizos, que viu reducida a contratación respecto do primeiro trimestre de 2019 no -7,7%

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 1º Trimestre 2020

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	%Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	%Var. trimestre ano anterior
1º Trimestre 2020	214.205	-45.855	-17,6%	-12.551	-5,5%
Homes	111.893	-20.930	-15,8%	-7.190	-6,0%
Mulleres	102.312	-24.925	-19,6%	-5.361	-5,0%
<30 anos	66.107	-19.587	-22,9%	-3.224	-4,7%
entre 30 e 44 anos	90.353	-16.945	-15,8%	-7.759	-7,9%
>44 anos	57.745	-9.323	-13,9%	-1.568	-2,6%
Indefinido	22.608	241	1,1%	374	1,7%
Temporal	189.465	-44.149	-18,9%	-12.301	-6,1%
Prácticas / Formación	1.159	-1.528	-56,9%	-299	-20,5%
Otros	973	-419	-30,1%	-325	-25,0%
Agricultura e Pesca	6.752	-300	-4,3%	649	10,6%
Industria	37.327	1.672	4,7%	-719	-1,9%
Construción	10.142	1.112	12,3%	805	8,6%
Servizos	159.984	-48.339	-23,2%	-13.286	-7,7%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Economía, Emprego e Industria

Se atendemos ao tipo de contrato asinado, rexistrouse diminución do número de contratos asinados en todos os tipos de contrato, coa excepción do indefinido, tanto con respecto ao trimestre pasado (1,1%) como respecto do mesmo período do ano anterior (1,7%). Os contratos temporais asinados neste trimestre caen por riba do -6% en comparación cos asinados no 1º trimestre de 2019. As caídas nos contratos asinados en prácticas / formación e outros caen entre o -20% e o -57%

Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 1º Trimestre 2020

	Afiliações media 1º Trim 2019			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	xaneiro	febreiro	marzo	absoluta			relativa			absoluta			relativa		
				xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
Galicia	1.006.506	1.012.354	1.002.624	-13.753	5.848	-9.730	-1,35%	0,58%	-0,96%	14.136	15.043	-1.781	1,42%	1,51%	-0,18%
España	19.164.494	19.250.229	19.006.760	-244.044	85.735	-243.469	-1,26%	0,45%	-1,26%	345.194	361.757	-36.816	1,83%	1,92%	-0,19%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

De novo, a chegada da pandemia de Covid19 amosa un forte impacto no comportamento da afiliación á Seguridade Social. Faino rachando coa evolución típica mes a mes dos datos da Tesourería Xeral no primeiro trimestre do ano: mentres que a tendencia habitual para o primeiro trimestre nos últimos anos viña sendo de decrecemento da afiliación no mes de xaneiro e incrementos nos meses de febreiro e marzo, a declaración do Estado de Alarma e o confinamento iniciado a mediados de marzo provoca unha diminución da afiliación de preto de -10.000 persoas en marzo de 2020 (en marzo de 2019 a afiliación creceu en máis de 7.000 persoas). En termos porcentuais interanuais, a caída da afiliación observada está en liña coa rexistrada no conxunto de España, mentres que o crecemento da afiliación nos meses anteriores estaba a ser menor ao que se producía a nivel estatal. A diminución porcentual producida en termos interanuais entre febreiro e marzo cifrase no -1,7% para Galicia e no 2,1% para España.

Sinistralidade

A data de peche deste Boletín aínda non se facilitaron os datos anuais de sinistralidade para o 2019 por parte do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral.

Accidentes con baixa en xornada por gravidade. Galicia 2018-2019

	Total	Leves	Graves	Mortais
2018	27.867	27.387	430	50
2019	29.528	29.003	471	54

Estadística de Accidentes de Trabajo . Ministerio de Trabajo e Economía Social

permite é avaliar a evolución temporal da sinistralidade. Deste xeito, podemos ver que a sinistralidade ven de aumentar no ano 2019 un 6%, e que o tipo de accidente que máis se viu incrementado foi o accidente grave, que o fíxoo preto dun 10%, seguido do accidente mortal, que aumentou ata o 8%.

Por tipo de sector, a sinistralidade mantívose por baixo da media en todos eles, mesmo cunha diminución do -2% no caso do sector agrario, coa excepción da construción no que aumentou ata un 22% con relación a 2018. Porén, no que atinxe aos índices de incidencia, estes reducíronse ao redor do -13%, e foi precisamente na construción no sector no cal esa redución foi máis acusada, chegando ao -17%, seguido do sector servizos.

Accidentes con baixa en xornada e índices de incidencia Galicia 2018-2019

	Accidentes en xornada					Índices de incidencia				
	Total	Agrario	Industria	Construción	Servizos	Total	Agrario	Industria	Construción	Servizos
2018	27.867	2.309	8.765	3.629	13.164	3.374	4.691	6.630	6.839	2.226
2019	29.528	2.266	8.982	4.416	13.864	2.950	4.279	6.168	5.667	1.914

Estadística de Accidentes de Trabajo . Ministerio de Trabajo e Economía Social

Conflitividade

A información provisional facilitada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social para 2019 ofrece datos dispaes sobre o comportamento da conflitividade en Galicia. Así, o número de folgas convocadas creceu nun 44% e o número de persoas traballadoras participantes nelas o fixo en máis do 55%, pero reduciuse o número de xornadas non traballadas en máis dun -10%. As A nivel estatal, o número de folgas se incrementou en preto dun 18%, pero a diferenza do sucedido en Galicia, reducíronse as persoas traballadoras participantes nelas (-41%). As xornadas non traballadas por conflitividade en España descendieron tamén respecto a 2018 (preto dun -9% menos)

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España 2019

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	95	29	20.881	7.455	56.415	-5.440
España	856	130	261.934	-76.737	840.834	-66.797

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

Expedientes de Regulación de Empleo

Seguen sen estar dispoñibles na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria datos relativos a Expedientes de regulación de emprego máis actualizados que os xa recollidos en anteriores edicións deste Boletín.

O análise da *Estadística de Expedientes de Regulación de Empleo*, publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social recolle datos estatísticos actualizados para o ano 2019. Se ben non recolle datos por número de expediente e Comunidade Autónoma que permitan un cotexo máis directo cos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, si que inclúe datos por traballadores afectados e tipo de expediente de regulación de emprego. Así, en 2019 observouse en Galicia unha diminución do -23% no número de persoas traballadoras afectadas por ERE, para un total de 4.692 persoas afectadas. Esta diminución débese á redución de persoas traballadoras afectadas por suspensión de contratos case á metade, o cal compensou os incrementos de persoas afectadas por ERE de redución de xornada, e o forte incremento de afectados e afectadas por despedimentos colectivos, que se dobraron respecto a 2018.

A comparativa dos datos recollidos no parágrafo anterior co sucedido en España nese mesmo período indica que a evolución dos ERE en Galicia foi máis negativa nos despedimentos colectivos e nas reducións de xornada vía ERE, pero a evolución das suspensións de contratos foi mellor que en España. En conxunto, e fronte á redución de persoas traballadoras afectadas por ERE en Galicia en 2019, en Españaa afectación destes expedientes incrementouse nun 22% en 2019.

Os últimos datos provisionais dispoñibles (xaneiro e febreiro 2020) amosan idénticas tendencias para cada tipo de ERE en Galicia.

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España 2019

	TOTAL			DESPEDIMIENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATOS			REDUCCIÓN DE XORNADA		
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %
Galicia	4.692	-1.391	-22,9	1.956	977	99,8	2.552	-2.387	-48,3	184	19	11,5
España	88.927	16.301	22,0	30.871	10.914	54,7	55.285	5.956	12,1	2.771	-839	-23,2

Estadística de expedientes de regulación de empleo . Ministerio de Trabajo e Economía Social

Custos laborais e salariais

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o último trimestre de 2019 indica que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes en Galicia foi de 2.533,5 € no trimestre, o que supón unha incremento con respecto ao último trimestre de 2018 do 4,8%; rematado xa o ano 2018, o custo laboral por persoa traballadora e mes rexistrou un crecemento do 3,9%, o maior incremento desde a crise de 2008. O custo salarial tivo un comportamento similar, con incremento do custo por persoa traballadora e mes respecto do último trimestre do ano anterior do 4,4%, e incremento global no conxunto do ano 2018 preto do 6%, tras acadar un valor medio para 2019 de 1.812,2 €.

No relativo aos custos por hora efectiva, a situación é moi similar á xa descrita: crecementos respecto ao 4º trimestre de 2018 en custos laborais e salariais na contorna do 4%, e incrementos similares para o conxunto do ano, co único matiz de que, no conxunto de 2019 o incremento do custo salarial por hora efectiva foi superior en catro décimas ao incremento do custo laboral.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2015-2019

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2020

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	%variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	%variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.058	70.106,3	149	-39,4%	-99	66,0%
Sociedades que ampliaron capital	358	165.699,0	77	91,9%	-41	59,3%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

que se constituíron no trimestre pasado reduciuse en case o -40%. Respecto do mesmo trimestre do ano anterior reduciuse en case o -9%, pero neste caso o capital de constitución o capital de constitución incrementouse notablemente respecto do das empresas constituídas no primeiro trimestre de 2019 (o 66%). En canto ao número de sociedades que ampliaron capital, a tendencia foi similar: incremento en número respecto do trimestre anterior e redución respecto do primeiro trimestre de 2019, se ben as constituídas este ano o foron con moito máis capital inicial que nos dous trimestres de referencia (92% e 59%, respectivamente).

Sociedades mercantís disoltas, que reducen capital ou en situación concursal, 1º Trimestre 2020

	1T20	4T19	1T19
Sociedades diolvidas	501	413	559
Sociedades que reducion capital	75	74	98
Sociedades en situación concursal	58	72	77

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

As disolucións de sociedades mercantís medraron máis dun 20% respecto do trimestre anterior, pero reducíronse en máis dun -10% respecto do primeiro trimestre de 2019. No que atinxe ao número de sociedades mercantís que reduciron capital, diminuíron por riba do -23% respecto ao comezo do 2019 e se mantiveron constantes respecto do último trimestre do ano.

Ademais, neste trimestre rexistráronse oito procesos de escisión de empresas, 19 de fusión e 58 entraron en situación concursal (14 menos que no trimestre anterior e 19 menos que no primeiro trimestre de 2019)

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

O pasado mes de xaneiro Verónica Martínez Barbero abandonou a presidencia do Consello Galego de Relacións Laborais e pasou a ocupar o cargo de directora xeral de Emprego no goberno central, cargo en cuxo desempeño desexámoslle a mellor das sortes desde o Consello. Mentres a presidencia do Consello permanece vacante, está a substituíla a secretaria do Ente, Marisa Peña Cebreiro, de acordo co disposto na Lei reguladora.

No que atinxe á actividade do Consello Galego de Relacións Laborais, veuse afectada pola expansión do virus SARS-CoV-2 en todos aqueles aspectos nos que dita actividade, nas circunstancias actuais, resulta incompatible coas recomendacións de distanciamento social. Polo tanto, neste trimestre non se realizaron as habituais xornadas e seminarios de formación e limitouse durante o mes de marzo a actividade negocial tanto en mediacións e arbitaxes ao abeiro do AGA como en negociacións de convenios de sector. Así, neste trimestre rexistráronse 16 solicitudes de mediación e arbitaxe ao abeiro do AGA, por debaixo das solicitudes de mediación presentadas en anos anteriores. No que atinxe á negociación colectiva e coas limitacións antes mencionadas, proseguíu a actividade do Consello con xuntanzas na procura da sinatura de diversos convenios de sector. Neste trimestre asinou o convenio colectivo de sector de Eventos e Producións Culturais de Galicia, cuxa mesa negociadora ten como eido de negociación este Consello.

No exercicio da súa función consultiva, a Comité Delegado de Ditames do Consello Galego de Relacións Laborais emitiu cinco ditames sobre ordes reguladoras de distintos aspectos do eido laboral, de novo un número inferior aos emitidos no primeiro trimestre de 2019

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.carl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 602 - Fax 981 541 610

